

09/2024.- ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO DO DÍA 11 DE SETEMBRO DE 2024

No salón de sesións da Casa do Concello das Pontes de García Rodríguez, o día 06 de setembro de 2024, ás nove horas e trinta e cinco minutos reúnen, baixo a presidencia do alcalde, asistido do secretario accidental que referenda, os concelleiros e concelleiras que se relacionan, co fin de desenvolver a sesión ordinaria do Pleno do Concello, en primeira convocatoria.

PRESIDENTE:

Valentín González Formoso

CONCELLEIROS E CONCELLEIRAS:

Antonio Alonso Román

Ana M^a Pena Purriños

Elena López Seco

María Tania Pardo Cabarcos

Roberto Rivera Rego

Lorena Tenreiro Blanco

Carmela Franco Caaveiro

Francisco da Silva Vello

María Jesús Romero Franco

M^a del Carmen Dopico Rodríguez

Fernando Vilaboy Ledo

NON ASISTEN CON ESCUSA:

Diego Balsa Bellas

SECRETARIO ACCIDENTAL:

José Manuel Cabarcos Anca

INTERVENTOR ACCIDENTAL:

Manuel Souto López

Aberta a sesión, trátanse os seguintes asuntos incluídos na

ORDE DO DÍA

1.- APROBAR A ACTA DA SESIÓN PLENARIA DO DÍA 03/07/2024 (ORDINARIA)

O presidente da sesión dá conta da seguintes actas para a súa aprobación, de conformidade co previsto no artigo 91.1 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e o artigo 30 do Regulamento orgánico do Concello das Pontes de García Rodríguez:

- 03/07/2024 (ordinaria): aprobase por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes.

2.- DAR CONTA DOS DECRETOS DOS MESES DE XULLO E AGOSTO DE 2024. EN PARTICULAR, DOS DECRETOS Nº 1322/2024, DO 04 DE XULLO; 1334/2024, DO 05 DE XULLO; 1367/2024, DO 10 DE XULLO; 1443/2024, DO 18 DE XULLO; 1521/2024 E 1524/2024 DO 31 DE XULLO E 1698/2024, DO 30 DE AGOSTO.

O presidente, en cumprimento do disposto no artigo 42 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e no artigo 30 do Regulamento orgánico municipal, deu conta dos decretos correspondentes aos meses de xullo e agosto de 2024.

En particular, dáse conta dos decretos nº 1322/2024, do 04 de xullo; 1334/2024, do 05 de xullo; 1367/2024, do 10 de xullo; 1443/2024, do 18 de xullo; 1521/2024, do 31 de xullo de substitución nas funcións da Alcaldía, do decreto nº 1524/2024 do 31 de xullo de substitución, por vacacións, nas funcións de alcaldía e tenencias de alcaldía durante o mes de agosto e do decreto 1698/2024, do 30 de agosto de subministración de información ao pleno sobre as liñas fundamentais nas que se enmarcará a elaboración do orzamento do ano seguinte.

3.- RATIFICAR O DECRETO NÚMERO 1454/2024, DO 18 DE XULLO

O presidente da sesión deu conta do ditame favorable da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos de data 06/09/2024.

Pregunta a Sra Caaveiro Franco e responde o alcalde.

De seguido, sométese o ditame a votación.

O pleno do concello por unanimidade dos doce membros presentes, acordan ratificar a resolución 1454/2024, do 18 de xullo; que é do seguinte teor literal:

“ANTECEDENTES DE FEITO

No seu día Juan José Prieto Castelo presentou un escrito formulando recurso contencioso-administrativo contra o Concello das Pontes de García Rodríguez, sobre urbanismo, que deu lugar ao procedemento das seguintes referencias:

- Órgano xudicial: Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 da Coruña
- N.I.G. 15030 45 3 2024 0000350
- Procedemento: **ordinario 0000086/2024**
- Demandante: Juan José Prieto Castelo, representado pola procuradora dos tribunais Patricia Berea Ruíz
- Administración demandada: Concello das Pontes de García Rodríguez
- Acto administrativo impugnado: “Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento relativa ao cambio da intersección entre a estrada AC-816 e a rúa Tras do Rego”

Apreciada a posible falta de competencia territorial do indicado Xulgado para coñecer do recurso, mediante dilixencia de ordenación de data 17/04/2024 o citado órgano acordou oír ás partes polo prazo común de dez días.

O órgano xudicial resolveu mediante Auto do 27/05/2024 e, logo de ser firme, foi ditada a dilixencia de ordenación de data 10/06/2024, notificada a esta entidade local o 17/06/2024, que sinala:

“Siendo firme el auto de fecha 27-5-24, remítanse las actuaciones al Juzgado de lo Contencioso-Administrativo de Ferrol, emplazando a las partes para que comparezcan ante dicho órgano en el plazo de diez días, sirviendo la notificación de esta resolución de empozamiento en forma.”

Mediante o Decreto núm. 1117/2024, do 19 de xuño (2024/G003/001776) o alcalde dispuxo comparecer (*personarse*) no citado procedemento, nos seguintes termos:

“1. Comparecer (*personarse*) no procedemento citado (**procedente do ordinario núm. 0000086/2024, do Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 3 da Coruña**) perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol (A Coruña), exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación a calquera dos letrados ou letradas adscritos/as á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4b) do *Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica ós Entes Locais*, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, e publicado no BOP núm. 245, do 25 de outubro de 1988.

2. Comunicar a presente designación á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e facilitarlle cantos antecedentes e documentos sexan necesarios para os fins indicados.”

En data 16/07/2024 tivo entrada no rexistro municipal un oficio do Xulgado do Contencioso-administrativo núm. 1 de Ferrol, competente para coñecer da referida demanda e que se tramita co núm. de procedemento **ordinario núm. 0000091/2024**, no que se require a remisión do expediente administrativo do que trae a súa causa o recurso formulado. As referencias do novo procedemento son as seguintes:

- Órgano xudicial: Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol
- N.I.G. 15030 45 3 2024 0000350
- Procedemento: **ordinario 0000091/2024**
- Demandante: Juan José Prieto Castelo, representado pola procuradora dos tribunais Ana María Tejelo Núñez.
- Administración demandada: Concello das Pontes de García Rodríguez
- Acto administrativo impugnado: “Modificación puntual das Normas subsidiarias de planeamento relativa ao cambio da intersección entre a estrada AC-816 e a rúa Tras do Rego”

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 21.1.k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL), sinala que o alcalde ostenta atribucións para o exercicio das accións xudiciais e administrativas e a defensa do concello nas materias da súa competencia, incluso cando as houber delegado noutro órgano, e, en caso de urxencia, en materias de competencia do Pleno, neste suposto dando conta a este órgano colexiado na primeira sesión que teña lugar para a súa ratificación.

A materia a que corresponde o expediente administrativo de cuxa tramitación trae a súa causa o recurso contencioso-administrativo interposto é competencia do Pleno da Corporación Municipal, segundo o disposto no artigo 22.2.c) da LRBRL, polo que este órgano colexiado municipal posúe a atribución para dispoñer o necesario en orde á defensa da entidade local como parte demandada no meritado procedemento xudicial.

De acordo co solicitado polo Xulgado procede a remisión do expediente administrativo reclamado e comparecer (*personarse*) no citado procedemento consonte o disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

O artigo 4ºb) do Regulamento de asistencia xurídica, económica e técnica ás entidades locais, da Excma. Deputación Provincial da Coruña, publicado no Boletín Oficial de Provincia (BOP) núm. 245, do 25/10/1988, establece que a entidade provincial proporcionaralle aos concellos o servizo de defensa xudicial nos procedementos contencioso-administrativos no que sexan parte demandada.

Por razóns de urxencia resulta necesario ditar a presente resolución, que debe someterse a ratificación do Pleno do Concello.

A través do Decreto núm. 1443/2024, do 18 de xullo (2024/G003/001502), o alcalde designou como substituto nas funcións da Alcaldía o día 18/07/2024 ao primeiro tenente de alcalde, Antonio Alonso Román.

Por todo o anterior, a través do presente decreto, RESOLVO:

1. **Comparecer** (*personarse*) no procedemento citado (o **ordinario núm. 0000091/2024**) perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo núm. 1 de Ferrol (A Coruña), exercitando este concello a súa defensa como parte demandada, encomendando tal defensa e representación a calquera dos letrados ou letradas adscritos/as á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial, de conformidade co disposto no artigo 4b) do *Regulamento de Asistencia Xurídica, Económica e Técnica ós Entes Locais*, aprobado pola Excma. Deputación Provincial da Coruña, e publicado no BOP núm. 245, do 25 de outubro de 1988.

2. **Enviar** ao dito Xulgado **copia** autenticada do **expediente administrativo reclamado** e notificarlle esta resolución aos interesados, se os houber, no prazo de cinco días, emprazándoos para que poidan comparecer (*personarse*) como demandados no prazo de nove días, consonte o disposto no artigo 49 e concordantes da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa (LRXCA).

3. **Comunicar** a presente resolución á Asesoría Xurídica da Excma. Deputación Provincial da Coruña, e facilitarlle cantos antecedentes e documentos sexan necesarios para os fins indicados.

4. **Dar conta ao Pleno** da Corporación Municipal da presente resolución na primeira sesión que teña lugar para súa **ratificación.**”

4.- APROBACIÓN INICIAL DA MODIFICACIÓN DAS BASES DE EXECUCIÓN DO ORZAMENTO

A concelleira Lorena Tenreiro Blanco dá conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, de data 06/09/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/T002/000037. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

No expediente consta o informe da Intervención municipal núm. 357/2024 de data 04/09/2024 e a proposta de acordo de data 05/09/2024. Tamén consta o ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación Urbana, Servizos á Veciñanza e Recursos Humanos, de data 06/09/2024

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con nove votos a favor (7 de PSdeG-PSOE e 2 do PP) e 3 abstencións do BNG, acorda:

1º.- Aprobar inicialmente a modificación das Bases de Execución do Orzamento, en concreto, o Anexo de Subvencións nominativas incrementando a subvención cuxo beneficiario e importe máximo e destino quedaría na seguinte cantidade:

Partida	Beneficiario	CIF	Finalidade	Importe
2024.341.48900	Asociación Deportiva Monte Medulio	G09681552	Beach Rugby 2022 e 2023	10.000,00€
2024.341.48900	Samurai Sport's Club	G70465794	Samurai Xtreme Race Lago das Pontes 2022 e 2023	35.630,00 €
2024.341.48900	As Pontes Motor Sport	G70446406	Kit Car GP1093 F24	6.050,00 €
2024.341.48900	Asociación Galega de Autocaravanas	G36539674	Promoción turística Lago 2024	13.065,00 €
2024.135.48920	Agrupación de Voluntarios de Protección Civil	G15416738	Actividades 2023	5.595,55 €

2.- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

5.- APROBACIÓN INICIAL DO EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITO Nº 37/2024, NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO/SUPLEMENTO DE CRÉDITO Nº 2/2024

A concelleira Lorena Tenreiro Blanco dá conta do ditame da Comisión Informativa de Xestión económica, Planificación Urbana, Servizos á veciñanza e Recursos Humanos, de data 06/09/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/T002/000039.

Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Providencia da Alcaldía de data 05/09/2024
- Memoria xustificativa do alcalde de data 05/09/2024
- Informe da Intervención, nº 364/2024 de data 05/09/2024
- Proposta de acordo do alcalde, de data 05/09/2024
- Ditame da Comisión Informativa de Xestión Económica, Planificación urbana, Servizos á veciñanza e Recursos Humanos, de data 06/09/2024

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con nove votos a favor (7 dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e 2 do representante do PP) e tres abstencións do BNG, acorda :

PRIMEIRO.- Aprobar inicialmente o expediente de modificación de crédito núm. 38/2024 na modalidade de crédito extraordinario/suplemento de crédito núm 2/2024 con cargo ao remanente líquido de tesourería, cuxo detalle é o seguinte, de acordo co seguinte resumo de partidas:

1- Proponse ao Pleno o incremento dos créditos necesarios para atender á seguinte relación de obras e gastos a través de suplemento de crédito/ crédito extraordinario:

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
1532.61903 2023.2.1000 2.6	Renovación pavimentación e mobiliario urban avda das Campeiras fase I	6,142.26
1532.61903. 2023.2.1000 2.5	Renovación pavimentación e melloras na rua real 1ª fase	6,121.32
1532.61903 2023.2.1000 2.4	Mellora servizos e pavimentos rúa da Balsa (Fase I)	4,317.56
1532.61903 2023.2.1000 2.2	Mellora e seguridade vial marxe dereita AC 564, Goente TC32	12,354.01
342.63204. 2023.2.1000 2.3	Pista multideportiva poboado da magdalena e outros TC32	14,731.90
1532.61903	Mellora infraestructuras viarias interiores en polígono industrial penapurreira	13,620.18

1532.61903	Obras de reposición e mellora de pavimentos beirarrúas a magdalena	48,183.41
1532.61903	Mellora de acceso dende a intersección a Alimpadoiros	47,941.41
164.63203	Módulos nichos cementerio alimpadoiros	92,000.00
160.61901	Bombeo saneamento escola ribadeume	36,300.00
160.61900	Saneamento vila rúa real	30,000.00
1724.21001	Desbroces rural	18,125.00
1532.61903	Impermeabilización beirarrua otero pedraio fachada piscina municipal	30,250.00
161.22710	Liquidacións viaqua (1, 2, 3 trimestre 2022 e 1 trimestre 2023)	552,542.56
164.61900	Obra pavimentación vial e beirarruas cementerio Alimpadoiros	47,778.06
1721.20300	Aluguer de vestiarios e duchas para o Lago	17,823.30
171.63500	Reposición elementos biosaudables Parque Municipal	18,140.00
171.61900	Mantemento de chan no parque infantil rúa Covelos	18,149.00
171.61900	Reparación de urxencia da plataforma do heliporto	48,400.00
135.63210	Reparación cuberta base protección civil polígono airios	30,000.00
231.63210	Reparación cuberta edificio a xanela	32,000.00
231.22722	Atrasos SAF	439,056.60
3421.62300	Mellora de eficiencia enerxética nas instalacións de ACS da piscina municipal	26,650.39
337.63208	Suministro e instalación baranda AAVV A casilla	3,630.00
342.63204	Vestuarios polideportivo a magdalena	53,240.00
3422.63204	Fontanería polideportivo	10,708.50
3232.63211	Mellora accesibilidade edificio administrativo colexio a magdalena	5,000.00
3331.21300	Substitución focos cine alovi por focos led	18,000.00
3386.63304	Adquisición guirnaldas luces navidad do 2023	18,047.39
338.48904	Festas parroquiais ano 2023	6,750.00
341.48900	Subvención nominativa Samurai (anos 2022-2023)	35,630.00
341.48900	Subvención nominativa Eumeraid 2024	4,484.50
341.48900	Subvención nominativa Club Monte Medulio (beach rugby praia) 2022-2023	10,000.00
3421.62300	Climatización ximnasio piscina municipal	14,719.65
334.78000	Subvención nominativa casa do mel para adquisición parcela	60,000.00
341.48100	Becas deportistas alto nivel	20,000.00
336.22799	Inventario patrimonial de muiños do municipio	17,172.93
341.48900	Subvención entidades deportivas	18,152.50
341.22609	Circuito voleibol praia deputación da coruña	7,000.00

3421.62508	Liquidación maquinaria Piscina Municipal	79,458.70
3421.22711	Ampliación contrato Piscina (20%)	61,169.13
337.63208	Reparación pavimento edificio municipal pontoibo	13,969.64
337.60900	Compra rectoral Goente	45,000.00
336.48900	Convenio Parroquia arquivo	18,150.00
450.61900	Mellora ponte de madeira rúa da balsa	36,300.00
4312.63202 2024.2.2000 0.5	Proxecto de reforma interior parcial do mercado en As Pontes (TC 34)	24,884.00
453.61902	Mellora camiños municipais en Veiga da Nata, anualidade 24-25	7,251.51
453.61902	Mellora camiños municipais en Terbá e Tras do Rio, anualidade 24-25	7,633.29
453.61902	Mellora en vial municipal a veiga 0264	47,190.00
453.61902	Arranxo desprendemento vial costa do inferno	21,271.80
453.61902	Reparación de paso sobre o río chamoselo en pedrafitas	96,110.30
453.61902	Mellora pavimentación o sexto	48,400.00
453.61902	Mellora pavimentación rúa cartelida P Penapurreira	47,305.01
453.61902. 2024.2.2000 0.3	Liquidación en Terba e pena do curro	5,121.86
453.61902	Saneado e mellora de firme en viais municipais	30,000.00
414.48914	Cuota socio Seitura (1460,19*4) anos 21-24	5,840.76
432.48900	Subvención nominativa Asociación Galega Autocaravanas	13,065.00
432.22602	Folletos + bolsas promoción turística	18,150.00
432.22799	Creación e xestión de contidos para as RRSS de Turismo As Pontes	17,525.64
491.62500	Renovación mobiliario estudo televisión	2,000.00
920.22706	Informe do estado do canal IV	3,000.00
920.63210	Mellora de cuberta edificio municipal cruz roja	18,150.00
920.15100	Gratificacións persoal funcionario	50,000.00
920.13001	Horas extras persoal laboral	50,000.00
932.22708	Premio cobranza aquages	18,265.61
920.22706	Plataforma inventario municipal	18,150.00
920.22700	Limpeza edificio matadoiro	11,053.35
	total	2.707.578,03

SEGUNDO.- Proponse ao Pleno o incremento dos créditos necesarios para atender á seguinte relación de partidas do orzamento pola necesidade de facer fronte as obrigas derivadas dos recoñecementos extraxudiciais.

PARTIDA	DENOMINACIÓN	IMPORTE
---------	--------------	---------

1732.22799	Ecoescola as campeiras, outros traballos	150.00
1532.22706	Redacción proxectos e estudos técnicos	2,517.71
132.22799	Policía, outros gastos	115.56
132.22102	Policía gas	2,543.77
171.21500	Parques, reposición mobiliario	14,952.61
171.21200	Caseta del parque, reparaciones	2,238.77
171.62500	Equipamento parque cánico	17,753.12
161.22501	Canon viaqua	902.90
160.21000	Alcantarillado reparación bens naturais	1,294.70
151.22699	Apuntalamiento e valado edificio praza igrexa	3,627.58
231.22706	Proxecto cuberta a xanela	3,630.00
231.21300	Reparacións edificio a xanela	277.82
231.22699	Serv sociais outros gastos	386.30
231.20500	Sevizos sociais, alugueiro enseres	847.00
334.22799	Cultura, transporte grupo memoria	273.01
3232.22799	Colexios, transporte	750.00
3321.22706	Proxecto biblioteca	18,150.00
3232.21300	Colexios, reparacións maquinaria	1,135.62
342.22799	Deportes, aplicacións deportivas	2,949.38
342.21200	Instalacións deportivas, reparacións edificios	2,129.60
3422.62200	Pabellón carpinteria zona ambigú	35,180.75
341.21500	Promoción e fomento do deporte, reparación enseres	2,691.04
3422.62500	Pabellon suministro cambiadores e felpudos	18,053.24
3422.21000	Pabellon adecuación zonas verdes pavellón municipal	16,528.60
3423.22706	Circuito karts, proxecto nave almacenamento	3,748.48
341.22609	Promoción e fomento do deporte, actividades deportivas, campus karts	95,170.52
341.20500	Promoción e fomento do deporte, alugueiro de enseres	1,089.00
3421.22102	Piscina, gas	1,000.98
338.22799	Festexos populares	242.00
3321.22001	Periodicos biblioteca	835.36
432.22799	Turismo outros traballos	4096,21
450.21400	Vehículos reparacións	130.91
450.21000	Infraestructura bens naturais	526.71
453.21000	Reparacións camiño público	1,845.25
912.22602	Organos goberno. publicidade	13,646.78

912.22699	Organos goberno outros gastos	1,487.06
912.22601	Órganos goberno gtos protocolarios	3,159.58
920.22400	Admon xeral seguros	482.86
912.23100	Órganos goberno gtos locomoción	148.00
924.22699	Participacion cidadana outros gastos	1,815.00
920.22606	Admon xeral cursos	1,400.00
920.22199	Admon xeral suministro augas	1,053.41
920.22699	Admon local sistema control incendios	3,557.40
920.22699	Admon local, Aluguer , transporte montaxe tarima	2,541.00
	TOTAL	286,801.13

TERCEIRO.- INCREMENTO PARTIDAS DE GRATIFICACIÓN.

Antecedentes:

Os créditos definitivos de gratificacións para o persoal funcionario no orzamento 2024 ascenden a 99.001,11€ . Os créditos definitivos de horas extras para o persoal laboral no orzamento de 2024 ascenden a 64.417,88€. Ditos importes están próximos a esgotarse.

Réxime de aplicación:

O artigo 6 do RD 861/1986, do 25 de abril, do Réxime de Retribucións dos Funcionarios da Administración Local, regula as gratificacións do persoal funcionario. Corresponde ao Pleno determinar no orzamento a cantidade global destinada a asignación de gratificacións aos funcionarios dentro dos límites máximos sinalados no artigo 7.2c) deste Real Decreto.

PROPOSTA DE ACORDO:

Proponse ao pleno o incremento das partidas de gratificacións nun importe de 50.000,00 € para o persoal funcionario e 50.000€ para o persoal laboral, financiado cos anteriores recursos.

TERCEIRO- Que se expoña este expediente ao público mediante un anuncio inserido no Boletín Oficial da Provincia de A Coruña, por un prazo de quince días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o devandito prazo non se presentan reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

6.- ACORDAR A PARTICIPACIÓN NA SEGUNDA FASE DO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL (PLAN ÚNICO DE CONCELLOS) "POS+ADICIONAL 2/2024" DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA

O concelleiro Roberto Rivera Rego dá conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación de data 06/09/2024

No expediente con referencia 2024/A008/000034 constan os seguintes antecedentes:

En data 03/06/2024 (RE núm. 202499900060257), comunicouse ao concello a asignación que lle corresponde no Pos+Adicional 2/2024 para investimentos financeiramente sostibles e gasto corrente por maior achega, que financia a Deputación Provincial da Coruña; a cantidade que lle corresponde ao concello das Pontes, ascende a 1.074.906,39 €.

As bases reguladoras do plan publicáronse no Boletín Oficial da Provincia, número 227, do día 28/11/2023.

O obxectivo do plan determínase na súa cláusula segunda.

Por outra banda, na sesión plenaria do 31 de maio de 2024, a deputación aprobou o POS+ 2024, que inclúe tanto un Plan Base como un Plan Complementario, elaborado coas solicitudes presentadas polos concellos. De acordo co previsto na Base 4.3, os investimentos incluídos no Plan Complementario apróbanse con natureza de reserva e a súa finalidade é poder investir en cada concello os créditos procedentes dunha maior achega provincial a este Plan, o que se fai a través deste POS+ Adicional 2/2024.

Os concellos poderán solicitar a aplicación da achega asignada aos seguintes obxectos:

- Investimentos financeiramente sostibles, segundo se definen no apartado específico da Base 2.2 e concordantes. O concello poderá solicitar a aplicación da achega provincial asignada neste POS+AD2/2024 ao financiamento de investimentos financeiramente sostibles dos xa aprobados polo concello no Plan Complementario ao POS+ 2024 (opción recomendada porque simplifica a tramitación), aínda que tamén pode solicitar outros novos investimentos financeiramente sostibles.
- Gastos correntes do concello devengados durante o exercicio 2024, segundo se definen nas bases 2.1, 13 e concordantes, distintos dos financiados con cargo ao Plan Base se así se solicitaron polo concello.

O prazo de presentación de solicitudes rematará ás 15.00 horas do venres 13/09/2024.

Os proxectos presentáronse no concello nas últimas datas.

Emitíronse os informes técnicos e xurídicos relativos aos Anexos V e VI previstos nas bases do plan.

Emitiuse o informe da Intervención municipal respecto das obras financeiramente sostibles.

Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación de data 06/09/2024.

O Pleno do concello á vista dos antecedentes citados e do disposto no artigo 22.2 e) e ñ) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, no artigo 168.1 d) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais e nas bases reguladoras do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (Plan único de concellos, POS + ADICIONAL 2/2024), acada o seguinte acordo por unanimidade dos concelleiros e concelleiras presentes (7 do PSdeG-PSOE, 3 do BNG e 2 do PP):

1.- Participar na **segunda fase** do Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2024”** da Deputación Provincial da Coruña, cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade, e solicitar a aplicación da achega provincial asignada aos obxectos que se indican a continuación:

A) Financiamento de gastos correntes:

Gastos correntes	Deputación
Achega provincial aplicada ao financiamento de gastos correntes devengados no 2024, distintos dos solicitados, de ser o caso, no POS+ 2024 base	294 672,76

B) Financiamento de investimentos financeiramente sostibles (non incluír os solicitados na 1ª fase):

Investimentos financeiramente sostibles SI incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (Non incluír os solicitados na 1ª fase do POS+ Adicional 2/2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
Mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da Rúa Rego do Muíño	179 465,80	0	0	0	179 465,80
Mellora de pavimentos e servizos na Avenida de Lugo entre os números 1 e 19	207 862,90	0	0	0	207 862,90
Mellora de firme e seguridade viaria en O Paraño	109 346,76	0	0	0	109 346,76
TOTAL	496 675,46	0	0	0	496 675,46

Investimentos financeiramente sostibles novos (NON incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	Financiamento dos investimentos				
	Deputación	Concello			Orzamento total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total concello	
Mellora da pavimentación e servizos na Rúa Casilla	205 000	0	0	0	205 000
Reforzo do pavimento en camiños de Portosouto-Cabeza dos Fornos e Alvarón	78 558,17	0	0	0	78 558,17
TOTAL	283 558,17	0	0	0	283 558,17

Aprobar os proxectos das obras ou os pregos das subministracións que non estaban incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 e que se relacionan nesta táboa.

C) Resumo de financiamento:

POS+ ADICIONAL 2/2024 2ª FASE	Deputación	Concello			Orzamento Total
		Achega municipal	IVE soportado deducible (só cando sexa deducible nos abastecem. de auga potable)	Total Concello	
Gastos correntes do 2024 (distintos dos solicitados no POS+2024 Base)	294 672,76				294 672,76
Investimentos incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024 (non incluír os solicitados na 1ª fase)	496 675,46	0	0	0	496 675,46
Investimentos novos (non incluídos no Plan Complementario ao POS+ 2024)	283 558,17	0	0	0	283 558,17
TOTAL	1 074 906,39	0	0	0	1 074 906,39

2.- Declarar que o concello ten a dispoñibilidade dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto todo o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

3.- Non dividir en lotes o investimento obxecto do proxecto/prego que se solicita incluír no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) **“POS+ ADICIONAL 2/2024”** da Deputación Provincial da Coruña cos datos que se indican:

DENOMINACIÓN DO INVESTIMENTO	ORZAMENTO DE CONTRATA	MOTIVO NON DIVISIÓN EN LOTES
Mellora da beirarrúa e dos servizos na marxe dereita da rúa Rego do Muíño	179 465,80 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Mellora de Servizos e Pavimentos na avenida de Lugo entre os números 1 e 19	207 862,90 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocarían problemas de

		coordinación na execución das diferentes prestacións
Mellora de firme e seguridade viaria no Paraño	109 346,76 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Mellora da pavimentación e servizos na rúa Casilla	205 000,00 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións
Reforzo do pavimento en camiños de Portosouto-Cabeza dos Fornos e Alvarón	78 558,17 €	Este investimento podería dividirse en lotes, pero de acordo co artigo 99.3 da Lei 9/2017, podería xustificarse a súa non división en lotes polo seguintes motivos previstos na citada norma: Provocaría problemas de coordinación na execución das diferentes prestacións

4.- Comprometerse o concello a incluír no orzamento municipal os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2024, se a houbera.

5.- Solicitar da Deputación Provincial da Coruña a delegación neste concello da contratación e execución das obras ou subministracións incluídas no Plan, que se entenderá aceptada coa participación do concello no Plan.

6.- Declarar que o concello non solicitou nin percibiu ningunha subvención doutras Administracións públicas para o financiamento das distintas actuacións incluídas neste Plan, e no caso de que existan axudas ou subvencións concorrentes doutras Administracións, achégase o detalle de cada unha delas, acreditándose que a súa suma total non supera o 100% do seu importe.

7.- Autorízase á Deputación Provincial da Coruña a obter as certificacións da Axencia Estatal de Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello está ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8.- Facultar expresamente á Alcaldía para todo o relacionado coa tramitación e xestión do presente acordo e o correspondente expediente.

7.- APROBAR O EXPEDIENTE DE LICITACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR, MODALIDADE DE DEPENDENCIA

A concelleira María Tania Pardo Cabarcos dá conta do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación, de data 06/09/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2023/C004/000021. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- O día 10/11/2023, asinase o documento xustificativo da necesidade da licitación.
- O estudo económico do servizo o elaborou a empresa Into Consulting, SL; presentouse en data 30/07/2023 (RE núm. 202399900003082).
- O prego de prescricións técnicas asinou en data 11/12/2023.
- Elaborouse o prego de cláusulas administrativas particulares, con data xuño de 2024; asinou o día 01/07/2024. O contrato adxudicárase a través de procedemento aberto, tramitación ordinaria, con diversos criterios de adxudicación. A CPV principal do contrato é 85312000-9 Servizos de asistencia social sen aloxamento. A licitación non está suxeita a regulación harmonizada. O valor estimado é de 8 034 312 €, sen IVE, para os dous anos, coas eventuais prórrogas por outros dous e unha modificación cun límite do 20%.

No PCAP establécense como criterios de adxudicación, criterios a valorar como xuízos de valor até 40 puntos e criterios susceptibles de valoración automática até 60 puntos.

- O informe de Secretaría ten data 05/07/2024; o informe é favorable á aprobación do expediente de licitación.
- O informe favorable da Intervención municipal, número 307, é de data 30/07/2024.
- Requiriuse a empresa que está a prestar o servizo que presente a relación de persoal susceptible de subrogar en data 12/07/2024. A información presentouse o día 07/08/2024 (RE núm. 202499900003072).
- Proposta de acordo da alcaldesa en funcións, concelleira da Área de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación, de data 07/08/2024.
- Ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Igualdade, Educación e Contratación, de data 06/09/2024.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes e do disposto nos artigos 22.1 c), 131, 135, e 156 da Lei 9/2017, do 09 de novembro, de contratos do sector público (LCSP); nos artigos 11.1 f) e 60.1 a) da Lei 13/2008, do 03 de decembro, de servizos sociais de Galicia, que atribúen aos concellos a creación, xestión e mantemento dos servizos sociais comunitarios básicos, entre cuxas funcións atópase a xestión do servizo de axuda no fogar, así como a participación na xestión das prestacións destinadas a garantir a autonomía persoal e a atención á dependencia, nos termos establecidos na normativa que resulte de aplicación; os artigos 184 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas

locais e 54 e 55 do Real decreto 500/1990, do 20 de abril, de desenvolvemento do capítulo I do título VI da Lei reguladora das facendas locais, que regulan a autorización dos créditos orzamentados; e na D.Ad.IIª, número 1, da LCSP atribúe competencias ao Pleno do concello nas licitacións de contía superior aos seis millóns de euros, por unanimidade dos doce membros presentes, con sete votos a favor dos representantes do grupo político municipal do PSdeG-PSOE, tres do grupo político municipal do BNG e dous do grupo político do PP, acorda:

- 1º) Aprobar o expediente de licitación do servizo “Servizo de axuda no fogar a persoas en situación de dependencia, modalidade dependencia, no concello das Pontes de García Rodríguez”. O servizo licitarase mediante procedemento aberto, suxeito a regulación harmonizada, tramitación simplificada. Os criterios de adxudicación que figuran no PCAP, criterios a valorar como xuízos de valor até 40 puntos e criterios susceptibles de valoración automaticamente até 60 puntos, estimase que son idóneos para acadar a mellor relación calidade prezo e ponderar as ofertas de forma respectuosa cos principios de transparencia e igualdade de trato, de modo que obterá a maior puntuación quen ofrezca o mellor servizo no seu conxunto. Coa valoración do programa de prestación e organización do servizo que a empresa licitadora comprométese a manter ao longo da vixencia do contrato, procurase axuizar a metodoloxía de traballo da empresa e o adecuado trato as persoas usuarias do servizo, estimándose necesaria a súa valoración para os efectos de discriminar ofertas inconsistentes ou inidóneas e garantir a máxima exhaustividade na atención a persoas dependentes; seguindo esta liña, nos criterios obxecto de valoración automática, redúcese o prezo da oferta a un corenta por cento do total da valoración e pondéranse outros criterios que teñen repercusión directa na atención a necesidades específicas das persoas usuarias do servizo, como son os servizos complementarios, o equipamento que podan demandar para satisfacer as súas necesidades específicas e os servizos de transporte asociado a servizos de acompañamento.
- 2º) Publicar a licitación no perfil do contratante do órgano de contratación, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.
- 3º) Autorizar un crédito de 1 899 300 € con cargo á partida orzamentaria 231.22722, correspondente a anualidade do exercicio de 2024.

8.- LEVANTAR O REPARO SUSPENSIVO NÚMERO 358/2024 EMITIDO POLA INTERVENTORA MUNICIPAL CON DATA 30/08/2024 E APROBAR A CONCESIÓN DA SUBVENCIÓN NOMINATIVA A FAVOR DO CLUB GALLAECIA RAID PARA A ORGANIZACIÓN DO EUMERAID 2024

A concelleira Elena López Seco dá conta do ditame da Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deportes e Promoción Económica de data 06/09/2024 e explica o contido do expediente, que se tramita co número de procedemento 2024/A004/000001. Os antecedentes do expediente son os seguintes:

- Solicitud de subvención do Club Gallaecia Raid de data 24/06/2024
- Bases de execución do orzamento do ano 2024.
- Providencia da concelleira de inicio de expediente con data 30/04/2024
- Memoria do órgano xestor da subvención con data 24/06/2024

- Informe do departamento de Deportes de data 25/06/2024 e do 16/07/2024
- Texto do convenio de colaboración e proposta do convenio de data 16/07/2024
- Informe da intervención municipal núm. 232/2024 de data 26/06/2024
- Informe da Intervención municipal núm. 358/2024 de data 30/08/2024
- Proposta de acordo da concelleira delegada da Área de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica de data 05/09/2024.
- Ditame da Comisión Informativa de Axenda Urbana, Turismo, Deporte e Promoción Económica de data 06/09/2024.

O Pleno do concello, á vista dos antecedentes indicados e normativa de aplicación, con sete votos a favor dos representantes do grupo político do PSdeG-PSOE e cinco abstencións (3 do BNG e 2 do PP), acorda:

- Resolver a discrepancia existente e, na súa consecuencia, levantar o reparo suspensivo efectuado pola Intervención Municipal no seu informe de fiscalización núm. 358/2024, do 30 de agosto de 2024.
- Aprobar a concesión dunha subvención nominativa a favor do Club Gallaecia Raid por importe de 4.484,50€ con cargo a aplicación orzamentaria 2024.341.48900
- Aprobar o convenio de colaboración que deseguido se relaciona:

“PROPOSTA DE CONVENIO DE COOPERACIÓN ENTRE O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ E O CLUB GALLAECIA RAID PARA O FINANCIAMENTO DA PROBA DEPORTIVA EUMERAID 2024.

D. Elena López Seco, co DNI Nº 32691915Z, concelleira delegada-especial de Turismo, Consumo, Hostalería e Comercio

D. Carlos Salvador Rodríguez, co DNI Nº 46915045 J, presidente do Club Gallaecia Raid

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, estanlles atribuídas

MANIFESTAN

Dado o interese coincidente do Concello das Pontes de García Rodríguez e o Club de ambas as dúas partes.

ACORDAN

Formalizar o presente CONVENIO DE COOPERACIÓN conforme ás seguintes cláusulas:

I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre o Concello das Pontes de García Rodríguez e o Club Gallaecia Raid, con CIF Nº G15976558, para o financiamento da proba deportiva Eumeraid 2024.

II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA.

A ENTIDADE BENEFICIARIA levará a cabo as actividades programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE
Licenzas día FEDO	76.00 €
FEDO	428.50 €
Tracktherace	990,99 €
Kayack	900.00 €
Kayack Edurne	726.00 €
Ambulancia	1.650,00 €
Imprenta	1,150.00 €
Trofeos	348.60 €
Hotel Xuíces	270,00 €

Agasallos corredores	638.28 €
Aluguer furgoneta	173.50 €
TOTAL	7,351.87 €

III.- FINANCIAMENTO MUNICIPAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTENAN OU APORTEN PARA A MESMA FINALIDADE.

1. O Concello das Pontes de García Rodríguez contribuirá ao financiamento da actividade, tal como se define na cláusula primeira, cunha achega máxima de 4.484,50 €, o que representa o 60,99 % do orzamento da actividade programada. No caso de que a gasto xustificado non acadase o importe total previsto na cláusula segunda, o Concello só achegará o importe debidamente xustificado (con dous decimais), da cantidade efectivamente xustificada.
2. Agora ben, se a cantidade xustificada resulta inferior ao 75 por cento do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumprida e perderase o dereito ao cobro da mesma.
3. O importe do financiamento municipal farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria 2024.341.48900, na que a Intervención municipal ten certificado que existe crédito dabondo sobre a que se ten contabilizado a correspondente retención de crédito.
4. A subvención do Concello é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade, sempre que o seu importe, xuntamente co da subvención municipal, non supere en ningún caso o importe total do gasto efectivamente xustificado.
5. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xustificado, minorarase a achega municipal no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

IV.- CONTRATACIÓN E EXECUCIÓN .

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponderalle á ENTIDADE BENEFICIARIA. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á ENTIDADE BENEFICIARIA, nin con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias ás que se refire o artigo 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.
2. Se o importe dalgunha das prestacións supera 15.000 euros, con carácter previo á contratación, A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá solicitar polo menos tres orzamentos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, deberase elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa economicamente.

V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO MUNICIPAL.

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento do Concello das Pontes de García Rodríguez.
2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da ENTIDADE BENEFICIARIA.

VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA MUNICIPAL.

- 1.- A achega do Concello será abonada á entidade beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:
 - Memoria de actuación (asinada en todas as follas), subscrita polo representante legal da entidade Club Gallaecia Raid xustificativa do cumprimento das condicións impostas neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
 - Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes (con IVE e sen IVE) e, no seu caso, datas de pagamento. Tamén se indicarán as desviacións con respecto ao orzamento detallado na cláusula segunda.
 - Con esta relación achegaranse os orixinais dos xustificantes de gasto, que deberán estar comprendidas entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2024.
 - Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula oitava.
 - Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
 - Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula quinta, mediante a achega de documentos nos que conste a publicidade do financiamento municipal.
 - O beneficiario deberá ter aberta unha conta bancaria e con cargo á dita conta deberán efectuarse todos os cobramentos e pagamentos que lle correspondan a actividade subvencionada. Un extracto dos movementos da conta cos saldos citada deberá remitirse ao Concello xunto coa xustificación documental da aprobación dos fondos municipais á finalidade prevista.

VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. Unha vez rematadas as actividades, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA antes do 31 de decembro do 2024, se ben antes de finalizar o prazo, poderá ampliarse por solicitude do interesado ou por proposta razoada da unidade xestora.
2. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requirimento á ENTIDADE BENEFICIARIA para que á presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conlevará a perda da subvención e demais responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicábel ao respecto. Aínda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á ENTIDADE BENEFICIARIA da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións.

VIII.- ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E COA SEGURIDADE SOCIAL.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA deberá acreditar, con carácter previo á sinatura deste convenio e logo, con carácter previo ao pago da subvención, que se atopa ao día no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma e coa Seguridade Social. E para tal fin poderá autorizar ao Concello a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

2. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias co Concello determinarase de oficio por este.

IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS.

1. A ENTIDADE BENEFICIARIA destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante documento expedido por entidade financeira no que quede identificado o beneficiario, o importe e a data do pago (transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque ou talón nominativo, etc). Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 300,00 €, nos que non resulte posíbel a utilización dun dos medios anteriormente indicados (peaxes autoestradas, billetes aparcadoiros, etc). O incumprimento desta disposición para algún gasto implicará que o devandito gasto se considere "non subvencionable" de conformidade cos artigos 72.2, 75.2 e 89 do Regulamento de Subvencións en relación cos artigos 31.2 e 37 da Lei xeral de subvencións sempre que o devandito gasto supere o importe de 300 €.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a ENTIDADE BENEFICIARIA deberá contar polo menos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificadas e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

X.- CONTROL FINANCIERO DO CONCELLO E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO.

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA poderá ser escolleita pola Intervención municipal para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a ENTIDADE BENEFICIARIA queda sometida aos procedementos de fiscalización que leven a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuzamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

XI.- REINTEGRO, INFRACCIÓN E SANCIÓN.

1. O incumprimento dalgunha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá con levar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgunha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, séndolle de aplicación o cadro de sancións previstos nas normas citadas.

3. O atraso na realización da actividade conllevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o atraso non excede de tres meses. Se o atraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o atraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei imporase no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción imporase no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción imporase no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTRO PÚBLICO DE SUBVENCIONS E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA.

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da ENTIDADE BENEFICIARIA serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, o Concello de As Pontes, remitiralle a mesma información á Consellería de Economía y Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á ENTIDADE BENEFICIARIA será publicada no taboleiro electrónico do Concello das Pontes, no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na BNS.

XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO.

1. O presente convenio de colaboración producirá efectos desde a súa sinatura e conservará a súa vixencia ata o día 31/12/2024.

XIV.- NATUREZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICIÓN COMPETENTE.

1. O presente convenio ten natureza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poidan xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle á concelleira de Atención, Participación Cidadá e Desenvolvemento Local, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención municipal.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdición **contencioso-administrativa**, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdición, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.”

As 10 horas e 38 minutos abandona o salón de plenos o interventor accidental Manuel Souto López.

9.- MOCIÓN

O presidente da sesión, de acordo co artigo 91.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais dá conta das seguintes mocións:

1.- Moción en relación a SOGAMA que presentou o grupo municipal do PP o día 05/09/2024 (RE núm.20249990003315).

O texto da moción é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A mediados deste ano, a Sociedade Galega do Medio Ambiente (Sogama) procedeu a actualizar o canon de 2024 tralas medidas aplicadas polo Estado no marco da Lei 7/2022, de 8 de abril, de residuos e solos contaminados para unha economía circular, como, por exemplo, os impostos ao vertido e á incineración. Uns tributos que representaron o pasado ano unha contía de 9,1 millóns de euros que a empresa pública soportou cos seus propios recursos, apoiando aos concellos para non gravar as arcas municipais.

Ademais, a través dunha orde ministerial, publicada a mediados de 2023, o Goberno central suprimiu a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, comprometida ata o ano 2026, momento no 1 que finalizaría a súa vida útil, e diminuíu a retribución á explotación da planta de coxeración, ademais de recuperar o imposto eléctrico do 7%.

Durante o período de exposición da lei estatal de residuos de 2022, a Xunta de Galicia presentou alegacións á implantación dos novos impostos, ao tempo que pediu á Fegamp que as secundara, facendo esta oídos xordos á solicitude trasladada polo Goberno autonómico.

Se ben o Estado e o propio partido socialista escúdanse no argumento de que a aplicación dos impostos ao vertido e á incineración obedece á transposición dunha Directiva europea, o certo é que, na actualidade, a práctica totalidade dos países europeos non instauraron estes tributos.

De cara a 2025, procedeuse ao anuncio de que Sogama prevé establecer unha nova actualización do canon, dada a intención do Estado de dar continuidade a estas medidas.

Isto suporía que, dunha media de 66 euros/tonelada que os concellos abonan este ano, grazas á aportación da Xunta, a través dun Fondo de Cooperación Local (FCL) adicional de 12 euros/tonelada (do contrario, serían 78 euros/tonelada), o canon de próximo exercicio ascendería a 108 euros/tonelada.

Por todo isto, o grupo municipal do PP presenta as seguintes propostas de acordo:

1.- Esixir ao Goberno central que dea marcha atrás e suprima todos os impostos que gravan a actividade do tratamento de residuos.

2.- Esixir ao Goberno central que recupere a retribución ao investimento da planta termoeléctrica de Sogama, ao que tiña dereito ato o final da súa vida útil (2026).

3.- Unha vez que o Goberno central atenda estas peticións, esixir a Sogama que se comprometa a non aplicar a suba prevista para 2025. “

2.- Moción en relación á suba do canon que os concellos abonan a SOGAMA pola xestión dos seus residuos que presentou o grupo municipal do PSdeG-PSOE o día 06/09/2024 (RE núm. 202499900003342).

O texto da moción é o seguinte:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A sociedade Xestora de residuos de Galicia SOGAMA que xestiona os residuos de 295 concellos galegos estableceu en 2019 a bonificación do 10% no canon de lixo aos Concellos que se comprometeran a reducir o volume de lixo e envases lixeiros así coma a repercutir esta rebaixa nos recibos á veciñanza.

Desta proposta beneficiáronse os Concellos galegos que reduciron a cantidade de lixo xerado cumprindo un dos principios fundamentais na xerarquía de residuos, polo tanto facendo ben os deberes medioambientais.

Na lei de acompañamento dos orzamentos 2023 coñecíamos a intención de SOGAMA de suprimir esta bonificación amparándose no aumento dos custos de luz e gas da súas instalacións, pero ante a resposta social e por parte dos concellos que esta medida ocasionou, finalmente o goberno galego tivo que recuar e substituíu esta medida pola bonificación do 15% condicionada esta vez especificamente á implantación do contedor marrón e ao traslado aos recibos da rebaixa.

No pasado mes de Xuño de 2024 SOGAMA anunciou a eliminación desta bonificación do canon para os meses que quedan de 2024.

A consecuencia disto dende o mes de Xullo a taxa de SOGAMA aos Concellos quedou fixada en **66 euros por tonelada** suprimindo ademais a rebaixa do 15 % da que se beneficiaban 118 municipios pola implantación do contedor marrón.

Esta cantidade de 66 € calculouse facendo unha media cos 68,05 euros de xaneiro a xuño e os 88,05 euros estimados para a segunda metade do ano.

A media serían 78 euros pero lle restan os 12 euros procedentes do fondo de cooperación local.

Neste momento o goberno galego está a aplicar esta suba a pesar do malestar existente nos concellos e anuncia novamente que no ano 2025 incrementará a cota que pasará dos 66 euros actuais a 108 € , o que vai ocasionar un gran impacto nas arcas municipais e en consecuencia tamén no recibo da veciñanza.

O motivo que alega a entidade para xustificar esta suba é o imposto estatal regulado na Lei 7/22, de 8 de abril, de Residuos y suelos contaminados que provoca uns sobrecostos imposibles de asumir, botando a culpa disto ao goberno de España.

A realidade é que esta lei ven regular un imposto que impón unha Directiva Europea do ano 2018 que grava a incineración e o depósito en vertedoiro por ser as formas medioambientalmente menos recomendables para a xestión de residuos e que na actualidade son as formas preferentes de SOGAMA (Incineración 60%; Vertedoiro 21%).

Isto obriga a SOGAMA ter que asumir o imposto pola súa obsoleta xestión e por non ter mudado en todo este tempo (dende o ano 2010) a forma de tratar os residuos.

Pero a pesar desta carga impositiva (cuxa recadación está transferida á Xunta de Galicia) nos orzamentos da Xunta 2024 se estima que a empresa terá uns beneficios anuais de aproximadamente 300.000 € polo que non é certo que sexa deficitaria.

A Xunta non está a cumprir as recomendacións europeas no referente á xestión de residuos e isto fai que esteamos moi lonxe de cumprir os obxectivos de redución e reciclaxe marcados.

Dende o grupo municipal socialista denunciámos esta situación e esiximos ao goberno galego que mude a súa política de xestión de residuos cara unha xestión descentralizada con plantas de proximidade; e primando a redución e a reciclaxe fronte á incineración e o depósito en vertedoiro, axudando economicamente aos concellos para a implantación do contedor marrón ou formas análogas de tratamento diferenciado dos residuos orgánicos.

E por suposto non grave aos concellos que levan dende o ano 2019 facendo os deberes cumprindo os compromisos medioambientais coa supresión do 15% da bonificación do canon. Nin utilice o fondo de cooperación local, cuxo obxecto é levar a cabo investimentos nos diferentes concellos, para compensar o gravame derivado da súa nefasta xestión. Dende o grupo socialista mostramos a nosa oposición a esta decisión por entender que existen outros mecanismos que evitarían os sobrecostos que unha xestión obsoleta está a producir e a vía para asumilos non pode ser repercutilos na cidadanía.

Por todo o sinalado anteriormente, o grupo municipal do PSdeG-PSOE no Concello de presenta a seguinte:

PROPOSTA DE RESOLUCIÓN

A Corporación Municipal de As Pontes insta

1. Manter o canon establecido aos concellos galegos adscritos á xestión de residuos en Sogama de 66,00 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
2. Manter a anterior bonificación do 15 % deste canon unitario, cos mesmos requisitos, resultando así un canon bonificado de 56,10 euros por cada tonelada de residuos domésticos xestionada, máis o incremento correspondente ao imposto sobre o valor engadido.
3. Que se reparta a contía de 12.100.000 millóns de euros en concepto de Fondo Ambiental entre todos os concellos galegos, utilizando como criterio de reparto o número de toneladas depositadas por cada concello. Trátase de diñeiro que pertence ás entidades locais ao seren detraído do Fondo de Cooperación Local.
- 4-. Que achegue a SOGAMA a cantidade total recadada en concepto de imposto sobre o depósito de residuos en vertedoiros, a incineración e a coincineración de residuos para implementar bonificacións no canon dos concellos. Deste xeito, cumprir os obxectivos marcados coa creación deste tributo, como poden ser:
 - 4.a. Promover a redución da produción de lixo e/ou incrementar a reciclaxe dos envases lixeiros.

4.b. Trasladar esta rebaixa aos recibos da veciñanza e implantar a recollida separada da materia orgánica.

4.c. Instaurar un programa de compostaxe domiciliario e/ou comunitario en concellos.

5. Incrementar as subvencións aos concellos para implantación de medidas que contribúan á reciclaxe dos biorresiduos, na medida en que boa parte dos pequenos concellos non dispoñen dos recursos para a implantación da recollida selectiva da fracción orgánica.

6. Que se constituía unha comisión de traballo entre SOGAMA, as consellerías de Medio Ambiente e Facenda e a FEGAMP para determinar as condicións do canon para o ano 2025 -antes da aprobación do Proxecto de Orzamentos da Comunidade Autónoma para ese ano- e debater sobre o cambio de modelo de xestión de residuos en Galicia, incluíndo o debate sobre a fórmula que permita a cada concello, con independencia da súa dimensión, acceder á redución do canon aínda que non incorpore o quinto contedor, e valorando para a aplicación desa redución o compromiso de cada concello na aplicación da compostaxe individual ou comunitaria ou financiando modelos de xestión alternativos.

7. Ampliar as plantas de biorresiduos existentes como estaba previsto no Plan de xestión de residuos urbanos de Galicia 2010-2022 para favorecer a xestión de proximidade. “

As mocións de SOGAMA presentadas polo grupo político municipal do PP e do PSdeG-PSOE débense conxuntamente.

A continuación sométense a votación por separado,co seguinte resultado:

Moción PP: é rexeitada por dez votos en contra (7 do PSdeG-PSOE e 3 do BNG) e dous votos a favor do PP.

Moción PSdeG-PSOE: é aprobada por dez votos a favor (7 do PSdeG-PSOE e 3 do BNG) e dous votos en contra do PP.

3.- Moción para a elaboración dun novo plan de igualdade do concello de As Pontes de García Rodríguez, que presentou o grupo municipal do PP o día 05/09/2024 (RE núm.202499900003311).

O texto da moción é o seguinte:

“ANTECEDENTES

É na cuarta Conferencia Mundial Sobre a Muller, Beijing 1995, da Organización das Nacións Unidas, onde se renova o compromiso da Comunidade Internacional para acadar a igualdade de sexos, así como o desenvolvemento e a paz para todas as mulleres. Foi nesta Conferencia onde se acuñou o termo mainstreaming, que traducimos como transversalidade ou perspectiva de xénero.

A igualdade é,así mesmo, un principio fundamental da Unión Europea. Se ben, nun principio, a igualdade que preceptuaba o Tratado de Roma traducíuse fundamentalmente na igualdade retributiva das traballadoras e os traballadores, dende a entrada en vigor do Tratado de Amsterdam, o 1 de maio de 1999, a igualdade entre

mulleres e homes e a eliminación das desigualdades entre unhas e outros son obxectivos que deben integrarse en todas as políticas e accións da Unión e dos seus membros.

Dende ese intre, son múltiples as directivas que desenvolven o principio de igualdade, directivas do ámbito laboral, en materia de seguridade social, acceso ao emprego, á formación e a promoción profesional, condicións de traballo, acceso a bens e servizos e o seu subministro, etc.

Xa no plano nacional, a igualdade por razón de sexo ou igualdade de xénero atopa a súa base e fundamento xurídico na Constitución Española de 1978. Son varios os artigos da nosa Norma Fundamental os que institúen o principio de igualdade entre mulleres e homes. *O artigo 9.2 consagra a obriga dos poderes públicos de promover as condicións para que a igualdade do individuo e dos grupos nos que se integra sexan reais e efectivas , así como a obriga de adoptar medidas de acción positiva para facer reais e efectivos os dereitos fundamentais como a liberdade e a igualdade , removendo os obstáculos que impiden ou dificultan a súa plenitude”*

Fruto de esa necesidade de acción normativa abordase o problema da violencia de xénero ca Lei Orgánica 1/2004 , de 28 de decembro, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero , dende unha perspectiva integral multidisciplinar, convertíndose, deste xeito, no principal instrumento lexislativo en materia de loita contra a violencia de xénero.

A Lei Orgánica 3/2007, para a igualdade efectiva de mulleres e homes nace en cumprimento do mesmo precepto constitucional. Esta norma ten como obxectivo taxado no seu artigo primeiro “ *Facer efectivo o dereito a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, e particular mediante a eliminación da discriminación da muller, sea cal fuere a súa circunstancia ou condición , en cualesquiera ámbitos da vida e , singularmente, nas esferas política, civil, laboral, económica, social e cultural, en desenvolvemento dos artigos 9,2 e 14 da Constitución Española , alcanzar unha sociedade máis democrática, máis xusta e máis solidaria”*. É o Capítulo III desta norma onde se establece onde se establece a obrigatoriedade de elaborar e aplicar un Plan de Igualdade que debe negociarse na forma que determine a lexislación laboral. Esta obrigatoriedade establececese para as empresas de máis de 50 traballadores, estando, polo tanto este Concello obrigado a elaborar dito Plan de Igualdade mas condicións e no contido establecido legalmente.

Do mesmo xeito , a Lei 7/2007, de 12 de Abril, do Estatuto Básico do Empregado Público , como norma que articula e xestiona o persoal ao servizo das administracións públicas establece na súa disposición adicional oitava que “ *as administracións públicas deberán elaborar e aplicar un plan de igualdade a desenvolver no convenio colectivo o acordo de condicións de traballo do persoal funcionario que sexa aplicable, nos termos previstos no mesmo”*

O Estatuto de Autonomía de Galicia indica no seu artigo 4.2

“ Corresponde aos poderes públicos de Galicia promover as condicións para que a liberdade e a igualdade do individuo e dos grupos en que se integran sexan reais e efectivas, remover os obstáculos que impidan ou dificulten a súa plenitude e facilitar a participación de todos os galegos na vida política, económica, cultural e social”

EXPÓN

Os poderes públicos deben adoitar e despregar os mecanismos axeitados para acadar a Igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes e favorecer o pleno

exercicio destes dereitos así como o acceso aos mesmos en condicións de Igualdade na vida política, social, económica, cultural, educativa, deportiva e sanitaria. O Plan Municipal de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de As Pontes de García Rodríguez deberá de dar cumprimento ás obrigas legais respecto a estas obrigas.

A creación dos plans de igualdade puxo de manifesto o compromiso dos concello coa igualdade, principio polo que se traballa co convencemento de que sen equidade entre mulleres e homes, a democracia está incompleta. Sen dúbida, ten habido un avance importante en materia de igualdade aínda que se manteñen moitos desequilibrios, resultado de relacións, modelos e comportamentos patriarcais arraigados na sociedade e manifestados no desigual reparto do poder, na falta de conciliación real, no menor acceso aos recursos das mulleres, nos empregos máis inestables e con peores condicións, na fenda salarial presente como anomalía económica e social e na infrarrepresentación das mulleres en eidos como a economía, a tecnoloxía, o deporte, a cultura ou a ciencia

A administración local é un espazo axeitado para corrixir desigualdades, traballar directamente cas persoas implicadas, deseñar as medidas idóneas e poñelas en marcha a través dos propios servizos locais

O Plan de acción de As Pontes de Setembro de 2022 no seu Obxectivo Estratéxico 6.1 dentro do fomento da cohesión social e a busca da equidade indica:

Buscar a igualdade de oportunidades dende unha perspectiva de xénero, idade e discapacidade.

A administración local é un espazo axeitado para corrixir desigualdades, traballar directamente cas persoas implicadas, deseñar as medidas idóneas e poñelas en marcha a través dos propios servizos locais

No análise de este obxectivo estratéxico da Axenda Urbana de As Pontes se indica :

Unha das debilidades detectadas consiste na desactualización do Plan Municipal de Igualdade entre mulleres e homes, que foi elaborado no ano 2014. Desde entón, déronse diferentes avances en materia de igualdade, tanto a nivel social como lexislativo. Enténdese necesaria unha actualización deste Plan, de forma que, en especial, aborde o enfoque de xénero como unha cuestión transversal existente en todas as actuacións impulsadas tanto desde a Administración Pública como desde outros axentes

Por todo o exposto anteriormente

ACORDO

Proponse o Pleno a aprobación do seguinte acordo:

-ACTUALIZACIÓN DO IV PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES

-Creación e desenvolvemento do Plan de Igualdade entre homes e mulleres na Administración Municipal.

- Encomendar ao Alcalde o desenvolvemento do presente acordo “

Tras o debate pertinente, a moción é rexeitada con sete votos en contra do PSdeG-PSOE, tres abstencións do BNG e dous votos a favor do PP.

4.- Moción para a elaboración dun Plan Integral para o Mantemento de Camiños Rurais e a Implementación dun Programa de Subvencións para Camiños

Particulares, que presentou o grupo municipal do PP o día 09/09/2024 (RE núm.202499900003371).

O alcalde sinala que se vai votar a urxencia.

O señor da Silva indica que non se lles enviou a moción.

A portavoz do PP á vista de que as concelleiras e concelleiro do BNG non dispoñen do texto, retira a moción e sinala que a presentarán no vindeiro Pleno.

O alcalde declara que queda retirada a moción.

10.- ROGOS E PREGUNTAS

O presidente abre a quenda de rogos e preguntas, de acordo co artigo 82.4 do Real decreto 2578/1986, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

A voceira do Partido Popular, María del Carmen Dopico Rodríguez, formula os seguintes:

- En que estado se atopa RPT e que prazos se fixa o novo concelleiro delegado de Área para a súa aprobación?
- Vanse convocar a prazas de Policía que están pendentes de convocatoria?
- Cal é o período medio de pago do concello?
- Nos decretos de xullo e agosto reflíctense unha serie de subministracións das que non consta expediente de contratación; pensan mudar o tipo de modelo económico deste concello?
- Que proxectos se presentaron as subvencións vía Orde TED/1381/2023, de 21 de decembro, pola que se regulan as bases para a concesión de axudas, en réxime de concorrencia competitiva, dirixidas a proxectos de infraestruturas ambientais, sociais e dixitais en municipios de zonas afectadas pola transición enerxética no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia, e se procede á convocatoria para o 2024?
- Tedes solicitada a reunión con Endesa sobre os usos das infraestruturas?
- Cal é o horario da piscina?
- Pódennos indicar o período de contratación dos socorristas neste verán e se había socorrista o día que ocorreu o accidente fatal do Lago?
- Houbo algún tipo de reunión co xefe do Centro de Saúde para implementar políticas activas de mellora da calidade de vida dos veciños en base ao Plan de Saúde Local?
- Campamentos de conciliación; cal é a causa dos cortes de enerxía do edificio cultural Doutor Dopeso e do colexio da Magdalena?
- Cal era o horario de apertura dos aseos hixiénicos nas Festas do Carme e a Fraga?

- Na festa de Fraga, non se podería levar a actuación do Dj cara a tarde noite e así non rachar coa tradición de comer en familia despois da sesión vermout?
- Vaise facer un prego de contratación para o contrato da dixitalización da RTVL?
- Por qué non acude a RTVL ás chamadas dos veciños para cubrir as noticias?
- Está arranxada a fochanca no cruce dos Chaos e A Cuiña?
- Vaise actuar na pista de Reboredo?
- Como está o asunto da árbore caída no local da Asociación de Veciños do Freixo?
- Que medidas están a tomar sobre os vertidos habituais en Penapurreira?
- Rogo: actuar sobre as árbores do Poboado da Magdalena que causan problemas aos veciños

A voceira do BNG, Carmela Franco Caaveiro, formula os seguintes rogos e preguntas:

- Rogo: na biblioteca, hai queixas sobre os horarios, sobre os fumes, rúidos, falta de internet e enchufes moi precarios.
- Cal é a situación na que está a residencia?
- En que situación está a ampliación das prazas do centro de día?
- Como está o tema dos raios X?
- Rogo: queixa dos veciños do Aparral que teñen os camiños sen rozar e pode provocar algún tipo de accidente
- Por que se pecha unha ponte na Pedrafitas e están incomunicados?

O voceiro do BNG, Francisco da Silva Vello, formula os seguintes rogos e preguntas:

- Rogo: na estimación do orzamento 2025 hai unha caída do IBI dun 30%, un incremento no ICIO e unha diminución no importe destinado a subvencións. Solicita que se comenten as orientacións sobre o proxecto do orzamento.
- Rogo: no desmantelamento da central, solicitan que se explique á cidadanía como se vai facer a voadura da cheminea.
- Rogo: solicitan unha exposición pública do proxecto do parque eólico Tesouro (na entulleira)
- Está estudado o impacto da evacuación dos eólicos na superficie industrial do Aparral?
- Como está a tramitación da área loxística de Portorroibo?
- Estase tramitando o desenvolvemento urbanístico?
- Como valora o goberno as limitacións de uso da concesión da auga no lago?
- Ten o goberno municipal algunha previsión de proxectos para a aplicación dos Fondos de Transición Xusta?
- Cal é o estado de tramitación da modificación do normas subsidiarias do Poboado das Veigas e do novo acceso?

- Rogo: no edificio de Endesa destinado a subestación, situado na entrada do novo acceso, hay solicitude de licenza para o seu derrubamento?
- Hai constancia do problema de recepción da TV local na Casilla?
- Rogo: que se arranxe o paseo da zona da Vila
- Rogo: que se arranxe a ponte do Caneiro
- Rogo: que se actualicen na páxina web as convocatorias dos plenos e as actas (RTVL)
- Rogo: solicitar unha comisión para facer un balance económico das festas patronais do Carme e a Fraga
- Tratamento do ciclo integral da auga: que pasou para que o concello das Pontes quede sen esas axudas?
- Notouse algún incremento no padrón de habitantes nos últimos meses?
- O valado do Lago está a ser retirado ou vai ser substituído?
- Rogo: coñecer cal pode ser a superficie útil dos terreos da central
- Rogo: que se prioricen as licitacións pendentes

11.-TOMA DE COÑECEMENTO DA RENUNCIA AO CARGO PRESENTADA POR ANTONIO ALONSO ROMÁN, CONCELEIRO DO GRUPO POLÍTICO MUNICIPAL DO PARTIDO SOCIALISTA DE GALICIA-PSOE

O Pleno do concello tomou coñecemento da renuncia ao cargo de concelleiro presentada o día 31/07/2024(RE 202499900003004) polo representante do Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE) Antonio Alonso Román.

Neste acto déixase constancia do escrito presentado polo concelleiro, quen ofrece as explicacións que estima oportunas acerca da súa decisión.

Ás 12:43 horas auséntanse da sesión o concelleiro e as dúas concelleiras presentes do grupo político municipal do BNG.

A continuación interveñen brevemente o alcalde e a portavoz do Grupo Político Municipal do PP.

Polo tanto, á vista do disposto no artigo 182 da Lei orgánica 5/1895, de 19 de xuño, do Réxime electoral xeral e na Instrución 3/2003, do 10 de xullo de 2003, da Xunta electoral central, sobre substitución de cargos representativos locais, ao existir unha vacante dun posto de concelleiro do concello de As Pontes de García Rodríguez, solicitarase da Xunta electoral central que expida a credencial acreditativa da condición de electo/a a favor da persoa candidata seguinte na lista presentada polo citado partido nas eleccións locais do día 28/05/2023, aos efectos de tramitar a substitución no cargo representativo.

REMATE DA SESIÓN

Finalmente, a presidencia dá por rematada a sesión ás doce horas e corenta e cinco minutos, estendéndose dela esta acta, da que, como secretario accidental, certifico.

O secretario accidental

O presidente

Jose Manuel Cabarcos Anca

Valentín González Formoso

ARQUIVO DE VÍDEO E AUDIO

O arquivo correspondente a gravación realizada durante a sesión ordinaria do Pleno da Corporación do Concello das Pontes de García Rodríguez do día 11/09/2024 é auténtico.

O arquivo de vídeo da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

0FEA677C6757F98BEC0337F5ED62E7D9AFA309915F94BB84DF5CA34639BECF60

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de vídeo, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento.

O arquivo de audio da gravación do Pleno ten o seguinte “hash” ou identificador:

CCDA7161982D48BB352A5EAC5156F0D5C26A709C0C19D15E76659F0744EA9C2B

Este identificador foi calculado aplicando ao ficheiro o algoritmo SHA256. Deste xeito, no caso de que non se modifique o ficheiro de audio, e aplicando o mesmo algoritmo, o identificador resultante será o mesmo que consta neste documento

O secretario accidental

José Manuel Cabarcos